
TÍO LOBO

Adaptación de XOSÉ BALLESTEROS

Ilustracións de ROGER OLMOS

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 14 €.

RECOMENDACIÓN DE LECTURA – PREMIO FNLIJ BRASIL, 2009
THE WHITE RAVENS, 2001

Tío Lobo (galego)

ISBN 978-84-8464-910-6. Os contos do trasno.

Tío Lobo (castelán)

ISBN 978-84-8464-911-3. Cuentos tradicionales.

L'oncle Llop (catalán)

ISBN 978-84-8464-912-0. Contes tradicionals.

Osaba Otso (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-089-8. Herri ipuinak.

Tio Lobo (portugués)

ISBN 978-989-749-036-1. Contos tradicionais.

–Non teñas pena, Carmela –calmouna ela–.

Vouche preparar unhas chulas que vas chupar os dedos.

Pero a nai lembrou que non tiña onde fritilas e díxolle axiña:



–Vai onda Tío Lobo e dille que che preste unha tixola.

E a nena, que era moi larpeira,

foi ata a casa de Tío Lobo e chamou á porta.

Esta adaptación de “Tío Lobo” baséase nun conto tradicional italiano, da zona de Friol. Trátase dun texto *politicamente incorrecto* que introduce os primeiros lectores no xénero dos «contos de advertencia». Empregando un ritmo narrativo áxil e un ton divertido, a historia vai *in crescendo* ata desembocar nun final inesperado. Un relato moi recomendable para ser contado en voz alta (e en compañía).

“Tío Lobo” foi o primeiro libro ilustrado por Roger Olmos, hai 14 anos. Nesta nova edición volve recrear as peripecias de Carmela nunha proposta desenfadada, cun estilo depurado e luminoso: óleos sobre papel con escenografías ricas en detalles e sorprendentes xogos visuais, onde o bosque toma a forma dunha tixola ou a cabeleira da protagonista se integra na paisaxe, entre outras brincadeiras que os lectores poderán descubrir.



■ **Temática:** a mentira, o castigo.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** conto tradicional, iniciación aos contos de advertencia; suspense; xogos visuais; do autor de “[O coelliño branco](#)”, “[O traxe novo do rei](#)”, “[Os tres osos](#)”, “[Os sete cabritos](#)”, “[Fábulas de Esopo](#)”, “[As pescadoras](#)”, “[Imaxina animais](#)”; do ilustrador de “[O cadro máis bonito do mundo](#)” (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

https://issuu.com/kalandraka.com/docs/tio_lobo_g

Xosé Ballesteros

(Vigo, 1956)

Editor, co-fundador de KALANDRAKA, escritor e tradutor. Publicou, entre outras obras, a novela “Talego” (Xerais, Premio García Barros). No eido da Literatura Infantil e Xuvenil é autor da serie “Os Gordibolas” (Xerais), do libro “Imaxina animais” (KALANDRAKA) e adaptou varios contos tradicionais, como “O coelliño branco”, “O traxe novo do rei”, “Os tres osos” e “Os sete cabritos” (KALANDRAKA), ademais de traducir a antoloxía “[Fernando Pessoa: selección poética](#)” (FAKTORÍA K).

Roger Olmos

(Barcelona, 1975)

Especializouse en ilustración na Escola de Artes e Oficios Lotja-Avinyó. Iniciou a súa traxectoria con traballos científicos para libros de texto e revistas especializadas; dende 1999 -ano no que foi seleccionado por primeira vez para a Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña- dedícase á ilustración. Publicou máis de 50 títulos para editoriais de varios países. A súa obra foi incluída na lista The White Ravens, recibiu os premios Libreter e Lazarillo, e foi finalista do Junceda. Tamén participou en Ilustrarte e na Bienal de Bratislava.

<https://rogerolmos.carbonmade.com>

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
